

## **ORDENANZA FISCAL NUMERO T8**

### **Taxa por tramitación de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer**

#### ***Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.***

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.B, ambos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o texto da lei 39/1998, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por tramitación de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexirá pola presente Ordenanza.

#### ***Artigo 2º. Feito imponible.***

Constitúen o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades ás que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer, se refire o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de Marzo, sinaladas a continuación:

- a) concesión e expedición de licencias.
  
- b) Autorización para transmisión de licencias cando proceda o seu otorgamento, de acordo coa lexislación vixente.
  
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

#### ***Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.***

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordeñanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria:
  - a) A favor de quen se otorgue a concesión e expedición da licenza, ou a favor de quen se autorice a transmisión de dita licenza.
  - b) O titular da licenza o vehículo do cal sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e que teña os libros rexistro dilixenciados.
2. Serán responsbles da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:

- a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
- b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 4º. Cota Tributaria**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo do que se trate, conforme ó seguinte cadro:

Servicio ou actividade:	
A. Concesión de licencias	79,73 euros
B. Trasmisión de licencias “intervivos” ou “mortis causa”	47,13 euros
B.1. Nas transmisións Mortis Causa a favor dos herdeiros forzosos tanto de licencias A como C	47,13 euros
B.2. Ulteriores Trasmisións de licencias A e C	62,85 euros
C. Substitución de vehículos	15,68 euros
D. Revisión de vehículos rexistro	7,81 euros
E. Dilixenciamento de libros-Rexistro.	3,90 euros

Non se concederá exención nin bonificación algunha dos importes das cotas tributarias establecidas nesta Ordenanza.

**Artigo 5º. Dereito á percepción da Taxa.**

1. Terase dereito á percepción da taxa e nace a obriga de contribuir, nos casos sinalados nas letras a), b) e c) do artigo 2º, na data que iste Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión ou a substitución do vehículo.
2. Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciado de libros-rexistro a taxa percibirase no momento no que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude dos mesmos.

### ***Artigo 6º. Normas de Xestión.***

1. A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instancia de parte.
2. Todas as cotas serán obxecto de liquidación polo Concello, debendo proceder o suxeito pasivo ó seu ingreso directo na Tesourería Municipal dentro dos prazos establecidos para este tipo de ingreso no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria.

### ***Artigo 7º. Infraccións e defraudacións.***

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

### **Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos eu artigo 4 por acordo plenario de 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011